



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

CÓDIGO DA SERIE: 615

DENOMINACIÓN: Expedientes de axudas a particulares e entidades sen fins de lucro para a realización de estudos sobre medios de comunicación en Galicia.

FUNCIÓN:

Alta Dirección da Comunidade Autónoma. Comunicación e Medios.

ÓRGANO PRODUTOR:

Consellería da Presidencia = Consellería da Presidencia e Administración Pública. Dirección Xeral de Medios de Comunicación Social. Servizo de Estudios e Análises.

(20-11-1986/13-05-1988).

Consellería da Presidencia e Administración Pública. Dirección Xeral de Medios de Comunicación. Servizo de Estudios e Análises.

(14-05-1988/05-02-1990).

Consellería de Relacións Institucionais e Portavoz do Goberno. Dirección Xeral de Medios de Comunicación. Servizo de Estudios e Análises.

(22-03-1990/07-07-1991).

Presidencia da Xunta. Secretaría Xeral de Comunicación. Subdirección Xeral de Xestión. Servizo de Estudios e Análises.



Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

(22-07-1991/06-06-1996).

Consellería de Cultura e Comunicación Social. Dirección Xeral de Medios de Comunicación Social e Audiovisual. Subdirección Xeral de Telecomunicacións e Audiovisual. Servizo de Estudios e Análises.

(27-06-1996/09-12-1997).

Presidencia da Xunta. Secretaría Xeral para as Relacións cos Medios Informativos. Servizo de Coordinación Administrativa e Xestión Orzamentaria.

(1-01-1998/12-01-1999).

Presidencia da Xunta. Secretaría Xeral para as Relacións cos Medios Informativos. Servizo de Coordinación Administrativa e Xestión Orzamentaria.

(13-01-1999/17-12-2001).

Presidencia da Xunta. Secretaría Xeral para as Relacións cos Medios Informativos. Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa e Xestión Orzamentaria

(09-02-2002/20-01-2003).

Presidencia da Xunta. Secretaría Xeral para as Relacións cos Medios Informativos. Servizo de Coordinación Administrativa e Xestión Orzamentaria.

(21-01-2003/12-08-2005).

Presidencia da Xunta. Secretaría Xeral de Comunicación. Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa e Xestión Orzamentaria.



Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

(17-03-2006/19-06-2009).

Presidencia da Xunta. Secretaría Xeral de Medios. Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Xestión de Medios Audiovisuais.

(20-06-2009/).

DATAS EXTREMAS:

No Arquivo de Galicia: 1988/2007

CARACTERES EXTERNOS:

CLASE: textual, electrónico.

SOPORTE: papel, informático (a partir de 1994).

FORMATO: carpetiña.

FORMA: Orixinal.

VOLUME: 107 unidades de instalación / 15.2 m

DEFINICIÓN DO CONTIDO:

Son expedientes a través dos cales se tramitan axudas para fomentar a realización de estudos sobre medios de comunicación, telecomunicacións e novas tecnoloxías, entre particulares e entidades sen fins de lucro.

LEXISLACIÓN:

Ordes de convocatoria:

Orde pola que se convocan axudas para a realización de estudios sobre medios de comunicación social en Galicia. DOG nº 242, 17 de decembro de 1987.



Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Orde do 5 de abril de 1989, pola que se convocan axudas para a realización de estudos sobre medios de comunicación social en Galicia, DOG nº 74, 18 de abril de 1989.

Orde do 8 de outubro de 1990, pola que se convocan axudas a particulares e entidades sen fins de lucro para a realización de estudos sobre medios de comunicación en Galicia. DOG nº 202, 15 de outubro de 1990.

Orde do 11 de marzo de 1991, pola que se convocan axudas a particulares e entidades sen fins de lucro para a realización de estudos sobre medios de comunicación en Galicia. DOG nº 74, 18 de abril de 1991; Modificada parcialmente pola orde de 1 de agosto de 1991. DOG nº 161 de 23 de agosto de 1991.

Orde do 12 de xuño 1992, pola que se convocan axudas a particulares e entidades sen fins de lucro para a realización de estudos sobre medios de comunicación en Galicia. DOG nº 116, 18 de xuño de 1992.

Orde do 26 de marzo de 1993, pola que se convocan axudas a particulares e entidades sen fins de lucro para a realización de estudos sobre medios de comunicación en Galicia. DOG nº 67, 12 de abril de 1993.

Orde do 11 de febreiro de 1994 pola que se establecen axudas a particulares e entidades sen fin de lucro para a realización de estudos sobre medios de comunicación en Galicia. DOG nº 66, 7 de abril de 1994; Corrección de errores. DOG nº 74, 19 de abril de 1994.



Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Orde do 3 de marzo de 1995 pola que se establecen axudas a particulares e entidades sen fin de lucro para a realización de estudios sobre medios de comunicación en Galicia. DOG nº 54, 17 de marzo de 1995.

Orde do 27 de marzo de 1996 pola que se establecen axudas a particulares e entidades sen fin de lucro para a realización de estudios sobre medios de comunicación en Galicia. DOG nº 74, 16 de abril de 1996.

Orde do 31 de marzo de 1997 pola que se establecen axudas, en réxime de concorrencia competitiva, a particulares e entidades sen fin de lucro para a realización de estudios sobre medios de comunicación en Galicia. DOG nº 83, 2 de maio de 1997.

Orde do 27 de marzo de 1998 pola que se establecen axudas, en réxime de concorrencia competitiva, a particulares e entidades sen fin de lucro para a realización de estudios sobre medios de comunicación en Galicia. DOG nº 61, 31 de marzo de 1998.

Orde do 5 de febreiro de 1999 pola que se establecen axudas, en réxime de concorrencia competitiva, a particulares e entidades sen fin de lucro para a realización de estudios sobre medios de comunicación en Galicia. DOG nº 31, 16 de febreiro de 1999; Corrección de errores, DOG nº 38, 24 de febreiro de 1999.

Orde do 8 de febreiro do 2000 pola que se establecen axudas, en réxime de concorrencia competitiva, a particulares e entidades sen fin de lucro para a realización de estudios sobre medios de comunicación en Galicia. DOG nº 33, 17 de febreiro de 2000; Corrección de errores, DOG nº 37, 23 de febreiro de 2000.



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Orde do 28 de febreiro de 2001 pola que se establecen axudas, en réxime de concorrencia competitiva, a particulares e entidades sen fin de lucro para a realización de estudos sobre medios de comunicación en Galicia. DOG nº 51, 13 de marzo de 2001.

Orde do 2 de abril de 2002 pola que se establecen axudas, en réxime de concorrencia competitiva, a particulares e entidades sen fin de lucro para a realización de estudos sobre medios de comunicación en Galicia. DOG nº 71, 12 de abril de 2002.

Orde do 7 de abril de 2003 pola que se establecen axudas, en réxime de concorrencia competitiva, a particulares e entidades sen fin de lucro para a realización de estudos sobre medios de comunicación en Galicia. DOG nº 73, 14 de abril de 2003.

Orde do 27 de febreiro de 2004 pola que se establecen axudas, en réxime de concorrencia competitiva, a particulares e entidades sen fin de lucro para a realización de estudos sobre medios de comunicación en Galicia. DOG nº 46, 5 de marzo de 2004.

Orde do 25 de febreiro de 2005 pola que se establecen axudas, en réxime de concorrencia competitiva, a particulares e entidades sen fin de lucro para a realización de estudos sobre medios de comunicación en Galicia. DOG nº 43, 3 de marzo de 2005.

Resolución do 11 de abril de 2006 pola que se establecen axudas, en réxime de concorrencia competitiva, a particulares e entidades sen fin de



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

lucro para a realización de estudos sobre medios de comunicación en Galicia. DOG nº 80, 26 de abril de 2006.

Resolución do 15 de decembro de 2006, da Secretaría Xeral de Comunicación, pola que se establecen axudas, para o ano 2007, en réxime de concorrencia competitiva, a particulares e entidades sen fin de lucro para a realización de estudos sobre medios de comunicación en Galicia. DOG nº 246, 26 de decembro de 2006.

PROCEDIMENTO:

Códigos de procedemento:

PR903A (1995/1996; 1998/2005)

Axudas a particulares e entidades sen fins de lucro para a realización de estudos sobre os medios de comunicación en Galicia.

CJ903A: (1997)

Axudas a particulares e entidades sen fins de lucro para a realización de estudos sobre os medios de comunicación en Galicia.

PR853A (2006/2007)

Axudas a particulares e entidades sen fins de lucro para a realización de estudos sobre os medios de comunicación en Galicia.

Procedemento:

1. Publicación da convocatoria da subvención
2. Presentación das solicitudes nos servizos centrais.
3. Valoración de solicitudes pola comisión de valoración.



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

4. Redacción da proposta de resolución sobre a base dos acordos da comisión de valoración de solicitudes.
5. Ditado da resolución definitiva.
6. Comunicación da resolución aos solicitantes.
7. Aceptación ou renuncia á axuda.
8. Xustificación das actividades realizadas.
9. Liquidación e pagamento das axudas.

DOCUMENTOS QUE FORMAN A UNIDADE DOCUMENTAL:

- Orde de convocatoria de axudas debidamente informada.
- Solicitud acompañada de toda a documentación esixida na orde:
 - Copia compulsada do DNI.
 - Memoria explicativa do contido do traballo.
 - Currículo do autor/autores.
 - Declaración xurada que acredite o carácter inédito do traballo.
 - Declaración xurada das axudas solicitadas ou obtidas para o mesmo fin.
- Nomeamentos dos membros, convocatorias ás sesións e actas da comisión de valoración.
- Proposta provisional de beneficiarios, por parte da comisión avaliadora.
- Proposta de resolución por parte da comisión avaliadora.
- Resolución definitiva.
- Notificación aos interesados ou publicación da resolución.
- Comunicación de aceptación ou renuncia dos solicitantes.
- Documentación xustificativa do gasto obxecto de subvención ou axuda.



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

- Documentación do pagamento da axuda (memoria, documentos contables, etcétera).

ORDENACIÓN

Cronolóxica - alfabética

INSTRUMENTOS DE DESCRICIÓN/CONTROL

Bases de datos:

Anos 1989-1992: PX-CTD(79-94)84-98¹

Anos 1989-2001: CS(79-01)94-07(act.12-09).mdb

Anos 2002-2004: PX_CS(98-04)10.mdb

ÁREA DE VALORACIÓN

VALOR ADMINISTRATIVO:

Si, durante a vixencia do trámite das axudas, ata o remate total da tramitación, ata un máximo de 4 anos despois como prazo para interposición de recurso extraordinario de revisión. Os expedientes afectados por reclamación ou recurso non se lles aplicarán estes prazos.

VALOR LEGAL-XURÍDICO:

Si, como testemuño da concesión de axuda económica e das obrigas e dereitos adquiridos.

¹ Na base de datos PX-CTD(79-94)84-98 atopamos expedientes pertencentes a esta serie que non están clasificadas baixo o código 615, si baixo o código de serie 01.06.01.01.003, xunto con outros expedientes de outras series. É preciso unha reclasificación previa para o estudio desta parte dos expedientes de esta serie.



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

VALOR INFORMATIVO-HISTÓRICO:

Si, polo seu carácter de testemuños dos apoios económicos prestados pola Administración de Galicia aos medios de comunicación e á súa innovación. Permiten ademais coñecer, entre outros aspectos, o tipo de estudos que foron obxecto de apoio.

SERIES RELACIONADAS:

SERIES PRECEDENTES:

SERIES PARALELAS:

SERIES SUBORDINADAS:

SERIES DUPLICADAS:

SERIES DESCENDENTES

DOCUMENTOS COMPILADORES:

ESTIMACIÓN DA FRECUENCIA DE CONSULTA:

PRAZO DE TRANSFERENCIA:

Ao Arquivo da central ao remate do ano en que finaliza a tramitación.
Ao arquivo intermedio aos 5 anos da finalización do trámite.
Ao arquivo histórico aos 10 anos o resultante da selección.



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

RÉXIME DE ACCESO:

Libre para os proxectos en particular, e as axudas a entidades en xeral, de acordo co establecido polo artigo 37 da Lei 30/1992. No caso de datos persoais dos responsables de entidades e das axudas a particulares, será restrinxido nos termos alí establecidos, no artigo 15 da Lei Orgánica 15/1999 e os artigos 27, 28, 29 e 30 do Real decreto 1720/2007.

ÁREA DE SELECCIÓN

Referencias ao ditaminado por outras comisións de avaliación:

Non existen referencias.

Proposta:

Conservación parcial dos expedientes no arquivo intermedio. É dicir, daquelas partes que inclúen información xeral: orde de convocatoria, informes, resolucións, nomeamentos dos membros da comisión de valoración de solicitudes, actas da comisión de valoración de solicitudes, documentos contables RC, A, D), así como dos estudos que non foran publicados, polo seu valor informativo; e as memorias explicativas dos estudos non subvencionados.

ÁREA DE NOTAS

- IDENTIFICACIÓN. Definición do contenido: ao longo dos anos valorouse principalmente a finalidade do estudio e a súa relación coa realidade galega



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

na materia, o seu carácter inédito, o currículo do autor e calquera outra circunstancia que axudara á modernización do sector.

- SELECCIÓN. Proposta: a serie inclúe convocatorias desde 1988-2007, pero no Arquivo de Galicia soamente se conservan os seguintes expedientes con información xeral:

50565-0001	1998
50579-0020	1999
50611-0001	2000
50621-0003	2001
1940-0010	2002

Os expedientes custodiados no Arquivo de Galicia están fraccionados e incompletos: a maioría son as solicitudes coas memorias explicativas ata a súa resolución, e por outro lado expedientes cos propios estudos.

Sería interesante a conservación dos seguintes expedientes á espera de obter aqueles coa información xeral da convocatoria dos seus respectivos anos:

30944-0008	Relación das solicitudes das axudas a particulares e entidades sen fins de lucro para a realización de estudos sobre medios de comunicación en Galicia do ano 1994.
30944-0005	Acta da comisión que examina as solicitudes presentadas para a concesión de axudas a particulares e entidades sen fin de lucro para



Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

a realización de estudios sobre medios de comunicaciónen Galicia. Inclúe relación de solicitantes e proposta de concesión das axudas. Orde do 07/03/1993.

No caso de non obter dos xestores os expedientes coa información xeral das convocatorias, conservaríase os documentos restantes.

ÁREA DE CONTROL

Data de elaboración: febreiro de 2011.

Revisión: decembro de 2012.